

ORDE do 25 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á realización de certames de gando bovino selecto e se convocan para o ano 2026. Consellería do Medio Rural (DOG Nº 6, 12/01/2026)

Obxecto

A finalidade inmediata desta orde é a promoción e difusión dos certames de gando bovino selecto criado en Galicia, mediante o fomento da celebración dunha rede de eventos que se realizarán en diferentes puntos da xeografía galega. Os obxectivos que se perseguen son o aumento de rendibilidade das explotacións gandeiras, modernización en materia xenética, sanidade e produción animal, mellora da eficiencia dos sistemas produtivos e formación de novos gandeiros.

Estas axudas tramitaranse polo réxime de concorrencia non competitiva.

O código de procedemento administrativo para dita axuda é **MR562A**

Persoas beneficiarias

Poderanse acoller a estas axudas:

1. Entidades locais, asociacións de persoas gandeiras, ncluídas as xestoras dos libros xenealóxicos, asociacións de persoas empresarias e outras entidades sen ánimo de lucro que organicen certames de gando selecto que dispoñan de instalacións axeitadas, contén con medios técnicos e persoais, dispoñan dun regulamento interno para as condicións de benestar animal, sanidade e calidade xenética, contén con autorización dos servizos veterinarios e coa colaboración da correspondente asociación de gandeiros recoñecida para a xestión do libro xenealóxico.
2. Para poder participar os animais deben proceder polo menos de 5 explotacións distintas pertencentes a polo menos 5 titulares diferentes. Procederán de explotacións galegas cualificadas sanitariamente. Estarán inscritos nos libros xenealóxicos das razas correspondentes e teñen que permanecer en explotacións galegas alomenos nos 12 meses previos á participación do evento.

Actuacións subvencionables

- Selección e preparación dos animais do evento, estabulación e alimentación durante a celebración do certame: máximo 50 €/animal.
- Transporte de animais para o evento.
- Gastos de acondicionamento, seguridade e limpeza do recinto.
- Gastos administrativos de tramitación documental do certame.
- Custos publicitarios, material promocional ata un máximo de 10 €/animal.
- Gastos de seguros relativos á celebración do evento.
- Honorarios do persoal técnico: xuíces, directores de poxa, veterinarios,...

Contía das axudas

O importe máximo por evento será en función do número de animais.

Número de animais	Razas aptitude láctea	Razas aptitude cárnica
12 ou menos	4.000 €	3.500 €
Entre 13 e 30	6.000 €	5.000 €
Entre 31 e 60	10.000 €	7.500 €
Entre 61 e 100	15.000 €	10.000 €
Máis de 100	20.000 €	15.000 €

De celebrarse nun mesmo evento un certame dunha raza de aptitude láctea e un certame dunha raza de aptitude cárnica, o importe máximo subvencionable será a suma do importe de axuda correspondente a cada certame en función da raza e do tramo en que se atope, segundo o número de animais participantes.

O número máximo de eventos subvencionables por esta orde de axudas será de 2 por entidade solicitante.

Prazo de presentación de solicitudes

Para os certames celebrados desde o 1 de novembro de 2025 ata a data de publicación desta orde: ata o 13 de febreiro de 2026

Para os certames que se celebren despois da publicación desta orde: un mes contado desde o día seguinte ao da celebración do evento e coa data límite do **31 de outubro de 2026**.